




Cultura e Turismo


DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMERA


Benestar Social e Deporte



REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL
MUSEO PROVINCIAL DE LUGO
MUSEO FORTALEZA SAN PAIO DE NARLA
MUSEO PROVINCIAL DO MAR
PAZO DE TOR

EntoleARTE

Proxecto de
creación
artística
multidisplinar

EntoleARTE

Proxecto de creación artística multidisciplinar

Desde a Rede Museística, a Área de Cultura e Turismo e a de Benestar Social da Deputación de Lugo, convocamos a todos os creadores que desde as diferentes artes, técnicas e ideas (nas diferentes modalidades de plástica, música, literatura e artes escénicas) desexen participar neste proxecto de creación artística multidisciplinar denominado **ENTOLEARTE** e que se vai desenvolver, entre o sábado 10 de marzo e o sábado 14 de abril de 2012, no edificio do antigo Hospital Psiquiátrico San Rafael, en Castro de Ribeiras de Lea (Castro de Rei - Lugo).

Este edificio, o antigo manicomio de Castro agora baleiro de residentes, que aínda conserva a memoria da súa propia historia e a dos que durante case sesenta anos foron os seus ocupantes, ben merece unha reflexión e unha posta en común desde a óptica das diferentes sensibilidades artísticas.

Por iso, e antes de que o edificio se dedique a outros usos, desde a **Rede Museística da Deputación de Lugo** convócanse a todos/as os creadores/as a participar nesta experiencia fugaz pero chea de posibilidades, nunha ocasión irreplicable de materializar diferentes proxectos artísticos nun marco único como pode ser o deste vello hospital.

Este proxecto, **ENTOLEARTE**, vaise desenvolver de acordo co seguinte programa:

> Sábado, 10 de marzo 2012

12:00 h.

Recepción aos asistentes por parte do deputado delegado de Cultura e Turismo e do vicepresidente da Deputación de Lugo no Hospital Psiquiátrico San Rafael.

12:15 h.

Visita guiada ás instalacións do Hospital e á súa contorna (camposanto, cruceiro e lagoa de Caque), así como tamén á exposición *Entre Marbella e Torremolinos (imaxes de manicomio)*, de Xosé Reigosa, mostra que se traslada ao lugar de onde saíron as imaxes.

14:00 h.

Xantar de confraternidade nas mesmas instalacións (prezo reducido).

15:00 h.

Foros de debate. Organizaranse grupos a criterio dos participantes e da organización.

17:30 h.

Clausura da exposición *Entre Marbella e Torremolinos (imaxes de manicomio)* e peche desta primeira parte do proxecto **ENTOLEARTE** a cargo deputado delegado de Cultura e Turismo e do vicepresidente da Deputación de Lugo.

> **NOTA**

Todos/as os/as interesados/as en participar activamente neste proxecto deben inscribirse previamente no Museo Provincial de Lugo ou chamando ao teléfono: 982 242 300 /982 242112 (atenden: Raquel e Paula). Para os participantes que o desexen haberá un servizo gratuito de autocar

Saída desde Lugo: 11:15 h.

Regreso a Lugo: 18.00 h.

> Venres, 23 de marzo 2012

Data máxima de recepción das propostas que pretendan desenvolver no Hospital Psiquiátrico San Rafael, acompañadas dunha memoria breve, a info@museolugo.org ou a difusion@museolugo.org

A organización non asume ningún custo referente a material ou do transporte das obras.

> Venres, 30 de marzo de 2012

A comisión designada pola Área de Cultura e Turismo e da Rede Museística da Deputación de Lugo comunicarlles aos autores as propostas seleccionadas para a súa realización.

> Semana do 9 ao 13 de abril de 2012

Período para a montaxe daqueles proxectos ou intervencións seleccionadas que o precisen. A organización establecerá o horario de acceso garantindo a custodia do material.

> Sábado, 14 de abril de 2012

Xornada de portas abertas e desenvolvemento das actividades e exposicións realizadas con anterioridade.

12:00 h.

Recepción por parte do deputado delegado de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo e apertura das instalacións ao público, ao que se lle facilitará un programa co itinerario para visitar as exposicións e co horario de cada unha das actuacións e intervencións previstas.

14:00 h.

Xantar de confraternidade (prezo reducido).

15:00 h.

Continuación das visitas e desenvolvemento de espectáculos nas diferentes salas do edificio.

19:00 h.

Clausura do proxecto **ENTOLEARTE** por parte do deputado delegado de Cultura e Turismo e do vicepresidente da Deputación de Lugo.

Durante esta xornada a organización realizará gravacións e fotografías e nos días posteriores requirirá dos autores dos proxectos a documentación necesaria para a elaboración dun **Catálogo** coa memoria de todas as intervencións do que cada autor recibirá gratuitamente 5 exemplares.

> **NOTA**

Nesta xornada haberá **servizo de autocar gratuito** desde Lugo ata o Hospital Psiquiátrico San Rafael, en Castro de Ribeiras de Lea (Castro de Rei - Lugo), ida e volta, para todas as persoas e cos seguintes horarios: Saídas desde Lugo: 11:15, 12:30 e 16:00 h. Regreso a Lugo: 13:00, 17:00 e 19:30 h.

Comité organizador

Encarnación Lago, xerente da Rede Museística
Antonio Reigosa, responsable de Comunicación
Fernando Arribas, responsable de Difusión
Xoán R. Cuba, responsable de Publicacións
Xosé Reigosa, fotógrafo autor do proxecto *Entre Marbella e Torremolinos (imaxes de manicomio)*

Para máis información

Departamento de Comunicación e Xestión Cultural:
info@museolugo.org
Departamento de Difusión: difusion@museolugo.org
Tlfno: 982 242 112
www.museolugo.org